

FEBREIRO 2019
REALIDADES SUSPENDIDAS

FEBREIRO **LAST DAYS IN SHIBATI de HENDRICK DUSOLLIER**
04 **CHINA/FRANCIA 2017; 58' V.O.S.C.**

PRISONERS OF KANUN de ROSER CORELLA
ESPAÑA 2014; 30' V.O.S.C.

FEBREIRO **OUAGA GIRLS de THERESA TRAORÉ DAHLBERG**
11 **BURKINA FASO/FRANCIA/SUÍZA 2017; 85' V.O.S.C.**

FEBREIRO **GRAB AND RUN de ROSER CORELLA**
18 **KIRGIZSTAN/ALEMAÑA/ESPAÑA 2017; 87' V.O.S.C**

FEBREIRO **FILME SORPRESA**
25

AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO: PRAZA DO REI
ÁS 20:30 HORAS
Colaboran:
CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN DE GALICIA DE CINECLUBS

REALIDADES SUSPENDIDAS

Cada vez máis cineastas descubren para o “gran público” que o documental non é un xénero pesado para pasar as sobremesas coa manta e sen sobresaltos. O cine de non ficción asalta por mérito propio a gran pantalla e numerosos espazos do noso país. Os perfeccionamentos técnicos e a posibilidade de non precisar grandes orzamentos semellan boas razón para o avance imparable desta categoría cinematográfica.

Dende xa algúns anos acadan ocupar as mellores salas e os festivais de cine máis relevantes do mundo. Tamén, o desenvolvemento de festivais como Documenta Madrid, Punto de Vista en Navarra, DocsBarcelona, o Festival de Rotterdam, ou o Cinéma du Réel en París, entre outros, levan anos enchendo dun público nutrido as súas sesións.

Last days in shibati, o desenvolvemento económico de China nos últimos anos está a producir fortes repercusións no ámbito social e urbanístico. Chongqing é un exemplo, a veciñanza dun dos barrios máis tradicionais, Shibata, está obrigada a marchar. En poucos días todo o que coñecen será só un recordo.

Prisoners of kanun, a lei do Kanun, é a vinganza de sangue que azouta o norte de Albania. Un código de honra de orixe turca que xurdiu no século XV, que toma a xustiza pola súa man, e deixa a vítimas e familias esnaquizadas.

Ouaga girls, filme ambientado tras a caída do réxime de Blasie Campoaré tras vinteseite anos no poder, utiliza o formato de *cinéma vérité* para narrar entre martelos, chaves inglesas e motores oxidados, os sonhos dun grupo de mozas que estudan nunha escola de Formación Profesional, e agardan saír a traballar nun sector amplamente reservado aos homes.

Grab and run, tras a independencia de Kirguistán en 1991, houbo un rebrote da tradición ancestral do *Ala-Kachuu*, “colle e corre”. Máis da metade de mulleres do país son secuestradas por homes que seguen a tradición. A orixe desta práctica ten raíces nos antigos costumes nómades, e aínda que foi prohibida durante a época soviética e o actual código penal estipula que é ilegal, a lei non soe protexer as mulleres deste abuso violento.

**FEBREIRO
04**

**LAST DAYS IN SHIBATI de HENDRICK DUSOLLIER
CHINA/FRANCIA 2017; 58' V.O.S.C.**

Luns ás 20:30h

Ficha técnica

|||||

Dirección, guión, fotografía e montaxe: Hendrick Dusollier

Ficha artística

DOCUMENTAL

PREMIO LOUIS MARCORELLES E PREMIO XURADO MOZO, FESTIVAL DE CINÉMA DU RÉEL, FRANCIA, 2017
PREMIO MELLOR DOCUMENTAL, FESTIVAL GUANAJUATO, MÉXICO, 2017
PREMIO ESPECIAL DO XURADO AO MELLOR DOCUMENTAL, IDFA, PAÍSES BAIXOS, 2017
PREMIO COMPETICIÓN INTERNACIONAL, INTERNATIONAL HUMAN RIGHTS FILM FESTIVAL VIENA, AUSTRIA, 2017
PREMIO DE OURO NA CATEGORÍA "HOUSING AND URBAN PLANNING", DEAUVILLE GREEN AWARDS, FRANCIA, 2018

Sinopse

A destrución das antigas barriadas en China reflicten as políticas urbanísticas, sociais e culturais dun país onde o vello, tradicional e histórico debe dar paso ao novo, contemporáneo e sen alma. China vai mudando, perdendo a súa historia e o seu legado.

HENDRICK DUSOLLIER

Director, guionista, montador, fotógrafo e produtor, licenciado en Historia na Sorbona e en Belas Artes en París. Iníciase no documental con *Obras* (2005), un percorrido polos barrios antigos en destrución de Barcelona. Unha proposta técnica e artística sen precedentes, seleccionada en Locarno, nomeada ao premio César, SCAM, e foi tamén, a curtametraxe máis premiada do ano en festivais internacionais. O seguinte traballo, *Babel*, acadou numerosos premios en festivais. En 2013 roda "Histoire sur les Dictateurs", descrita por *Le Monde* como "un desenvolvemento histórico, técnico e artístico sen precedentes, unha obra titánica". Este filme é o seu último traballo.

**PRISONERS OF KANUN de ROSER CORELLA
ESPAÑA 2014; 30' V.O.S.C.**

Ficha técnica

|||||

Dirección, guión, montaxe e fotografía: Roser Corella

Ficha artística

DOCUMENTAL

Sinopse

Os antigos feudos de sangue arruinan vidas dende o colapso do comunismo en Albania. Moitas familias viven illadas, agochadas nas casas por temor ás vinganzas. O recuperado código ancestral do "Kanun", vixente na vida rural durante cinco séculos de ocupación estranxeira, inclúe o dereito a matar por vingar un asasinato.

FEBREIRO

11

Luns ás 20:20h

OUAGA GIRLS de THERESA TRAORÉ DAHLBERG

BURKINA FASO/FRANCIA/SUÍZA 2017; 85' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||

Dirección e guión: Theresa Traoré Dahlberg

Fotografía: Iga Mikler e

Sophie Winquist

Montaxe: Alexandra Strauss e

Margareta Lagerqvist

Ficha artística

DOCUMENTAL

PREMIO AO MELLOR DOCUMENTAL DO XURADO MOZO NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE BELDOCS, SERBIA, 2018

PREMIO ESPOIR. FESTIVAL FILMINISTES – CANADÁ, 2018

PREMIO CREDIF. CARTHAGE FILM FESTIVAL – TÚNEZ, 2017

PREMIO ESTOCOLMO DA REVISTA NÖJESGUIDEN – SUECIA, 2017

Sinopse

Na capital de Burkina Faso, Uagadugú, un grupo de mozas estudan nunha escola para converterse en mecánicas de coches. Nun país cun paro xuvenil do 52% e un triste pasado, atopar traballo é unha das grandes preocupacións da mocidade. O filme é unha poética descrición do que significa ser unha muller moza hoxe en Burkina Faso.

THERESA TRAORÉ DAHLBERG

Directora, guionista e produtora nada en 1983. Criada entre a illa sueca de Öland e Burkina Faso. Tras uns anos en Nova York traballando como asistente de directores, produción e fotógrafos, estuda produción cinematográfica na New School de Nova York, e despois na Academia de Artes Dramáticas de Estocolmo, onde vive actualmente. A curtametraxe de graduación, *Taxi Sister*, que segue á taxista Boury en Dakar, acadou eloxios internacionais e ten sido proxectada en festivais de todo o mundo. Durante os últimos anos ten dirixido e producido diversos proxectos entre os que destaca unha serie para a televisión pública de Suecia, *Two Travelling*. Tamén proxectos a medio camiño entre o cine, a arte e o documental a nivel internacional. Actualmente cursa o Máster de Belas Artes no The Royal Institute of Art de Suecia.

Con este filme debuta na longametraxe. É o seu último traballo.

FEBREIRO

18

Luns ás 20:30h

GRAB AND RUN de ROSER CORELLA

KIRGIZSTAN/ALEMAÑA/ESPAÑA 2017; 87' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||
Dirección, guión e fotografía: Roser Corella

Montaxe: Ariadna Ribas

Música: Paul Frick

Ficha artística

|||||
DOCUMENTAL

FESTIVAL DE MÁLAGA, PREMIO ESPECIAL
LOS ÁNGELES FILM FESTIVAL, PREMIO MELLOR DOCUMENTAL
FESTIVAL EVOLUTION, MENCIÓN ESPECIAL
FESTIVAL DE REYKJAVIK, MELLOR DOCUMENTAL
FESTIVAL DE MAR DA PRATA, MENCIÓN ESPECIAL
FESTIVAL DE CINE DE MADRID PNR, PREMIO DA CRÍTICA

Sinopse

Tras a independencia en 1991 de Kirguistán, rexorde no país a práctica coñecida popularmente como “Ala-kachuu”, que podería traducirse como "atrápaa e corre". Máis da metade das mulleres de Kirguistán están casadas cos homes que as secuestraron. Algunhas acadan fuxir tras violentas escenas, pero moitas aceptan o matrimonio por tradición e medo ao rexeitamento social. Malia estar considerado o rapto de noivas un crime no código penal de Kirguistán, poucas veces a lei as protexe desta violenta práctica.

ROSER CORELLA

Directora, guionista, fotógrafa, montadora e produtora nada en Barcelona en 1978. Licenciada en xornalismo, é unha documentalista independente, actualmente residente en Berlín. Iníciase profesionalmente como vídeo-reporteira para TVC, pero o seu interese polas historias que hai tras os temas de índole global fai que comence a auto-producir e desenvolver unha visión persoal dentro do xénero documental. O seu traballo a ten levado ao redor do mundo na busca de historias que merecen ser contadas, non só como testemuña, senón tamén, para desafiar e presentar cuestións esenciais sobre as sociedades contemporáneas.

Outros dos seus traballos: *Ashura*, *Tales from dadaab*, *Khulna*, *the saltwater empire*, *Fallou*, *Unsafe haven*, aínda sen rematar, é o seu último traballo.

FEBREIRO
25

FILME SORPRESA

Filmes de estrea que forman parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo. Se iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo nos primeiros 15 minutos e recuperar así, a cota aportada.

COLABORACIÓNS

*Na nosa colaboración coa Alianza Francesa a proxección será o vindeiro **mércores 20 de febreiro**, ás 20:30h, no Auditorio Municipal de Vigo. O título **Luna, de Elsa Diringer** (2018). Entrada de balde até completar aforo.

*Grazas ao acordo coa librería LIBROURO (rúa Eduardo Iglesias, n.º 12), todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.

*Todas as persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico poderán solicitar o envío da programación.

*Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección. O uso do teléfono móbil na sala co filme iniciado será motivo de expulsión da mesma sen reintegro dos cartos da cota pagada.

CINECLUBE LUMIÈRE

DE VIGO

Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo -

<http://www.lumierevigo.com>

info@lumierevigo.com

PREZOS

Cota anual soci@:	18 euros
Cota filme soci@:	4 euros
Bono Lumière 5 filmes:	15 euros (só soci@s)
Cota filme colaborador@:	5 euros
PARAD@S, con carné:	4 euros